

# Primavera

MUSEO DE PONTEVEDRA

DO 21 DE MARZO AO 20 DE XUÑO DE 2026

*Grilanda de flores con paisaxe. Óleo, segundo terzo do s. XVII. Estilo de Daniel Seghers (1590-1661)*



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

### ***Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX***

**Ata o 5 de abril**

Unha mostra para dar a coñecer a obra das e dos fotógrafos profesionais e afeccionados que traballaron entre 1843 e 1900 en Pontevedra. Do daguerrotipo á revista ilustrada, pasando pola tarxeta de visita, a crónica urbana e a fotografía científica e patrimonial, as súas cámaras foron testemuñas dun tempo de grandes transformacións e construíron a memoria visual da cidade.

**Comisariado:** Cristina Echave Durán e Reis Camiña Castro

### ***San Sebastián, corpo de beleza e dor. Unha paixón privada***

**Ata o 5 de abril**

Unha extensa representación de imaxes de san Sebastián que van desde as estampas de mestres gravadores a partir do século XVI ata un mostrario das derivadas gráficas actuais en carteis, portadas de revistas, discos, libros, camisetas ou mesmo perfumes, xunto con breves paradas na escultura e na cerámica. Obras procedentes do coleccionismo privado para achegarse ao homoerotismo na iconografía de san Sebastián mártir.

**Comisariado:** Xosé Manuel Buxán Bran e Natalia Fraguas Fernández

### ***Arte en parella. Mercedes Ruibal-Agustín Pérez Bellas***

**Do 30 de abril ao 28 de xuño**



Un percorrido antolóxico pola obra artística de Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas, marcada pola súa intensa relación matrimonial e unha clara autonomía plástica pola que mantiveron liñas creativas dispares. A mostra reúne máis de cen obras de ambos e unha serie de elementos que certifican a súa posición central na pintura galega do último terzo do século XX, así como testemuños das súas contribucións literarias.

**Comisaria:** Cristina Villaverde Ruibal

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

### **Infiltracións. Ira Lombardía. *Mudanza***

**Do 12 de xuño ao 25 de outubro**

Infiltracións é un proxecto para incorporar discursos contemporáneos ao Museo de Pontevedra coa creación de obras específicas que ofrezan novas lecturas sobre os seus fondos. Ira Lombardía (Asturias, 1977) entrelaza imaxes, obxectos e espazo para explorar a domesticidade, a memoria material e as nocións de movemento e desprazamento. A súa instalación artículase nunha “coreografía do tránsito” que percorre os edificios Castelao e Sarmiento.

**Comisario:** Iñaki Martínez Antelo



## PARA TODOS OS PÚBLICOS

CURSOS E OBRADOIROS PARA PÚBLICO ADULTO

### **Máis que Musas. Creadoras na Vangarda**

**Os martes ata o 7 de abril, ás 19:00 h**

Oito sesións para cuestionar o papel da muller na historia canónica da arte. Marta Riera percorrerá diversos contextos culturais, xeográficos e temporais de mulleres vinculadas a distintas disciplinas artísticas, e analizará as súas experiencias vitais e o seu legado no presente: Élisabeth Vigée Le Brun, Cecilia Beaux, Gabriele Münter, Eileen Gray, Barbara Hepworth, Peggy Guggenheim, Lee Miller e Maruja Mallo.

### **Olladas Musicais. Audicións Comentadas**

**Os mércores 8, 22 e 29 de abril e 13 e 20 de maio, ás 19:00 h**

Este curso ten como obxectivo promover o aprecio e a comprensión da música clásica a través de charlas interactivas e audicións comentadas de obras clave da historia da música. Inclúirá sesións con música en directo. Impartido por Sara Domínguez Lloria.

## OBRADOIROS INFANTÍS

### **Obradoiro Creativo sobre o Fotógrafo José Suárez**

**Sábado 28 de marzo, de 11:30 a 13:00 h**

Taller Abierto réndelle homenaxe a José Suárez cun obradoiro dirixido a nenas e nenos de 7 a 12 anos polo Día das Artes Galegas. Abordaranse a súa biografía, imaxes e ollada artística a través dun exercicio creativo que mesturará plástica e etnografía.



### **Obradoiro de Ilustración Botánica**

**Martes 31 de marzo e mércores 1 de abril, de 11:30 a 13:30 h**

A ilustradora galega Chus Rojo impartirá un obradoiro para darlle a benvida á tan agardada primavera. Cunha ollada artística inspirada nas propias obras do Museo de Pontevedra, está enfocado ao público infantil. As e os participantes crearán o seu propio caderno ilustrado de botánica.

## EXHIBICIÓN

### **Xornada de Difusión de Danza Clásica e Ballet**

**Sábado 18 de abril, de 10:00 a 14:00 h**

A Escola de Danza Vaganova realiza unha xornada de portas abertas para vivir de preto o proceso artístico e descubrir como se constrúe un espectáculo de ballet desde dentro.

## CONCERTOS

### ***Celebrando o Día do Libro: o Século de Ouro na música española***

**Xoves 23 de abril, ás 19:00 h**

A soprano Bonnie Cooper e a pianista Carmen Carreiras Pita ofrecen un repertorio de poemas de Lope de Vega, Garcilaso de la Vega e Juan de Anchieta en versións de Eduard Toldrá e Fernando Obradors, e poemas galegos en versións de Marcial del Adalid, Xosé Baldomir e Juan Montes.



## Ensemble Allettamento

Sábado 16 de maio, ás 12:30 h

O violinista Mario Braña e a violonchelista Elsa Pidre ofrecen un concerto de música antiga no que recuperan obras pouco coñecidas do repertorio para estes instrumentos dos séculos XVII e XVIII. Con pezas de Carlo Tessarini, Giuseppe Valentini, Giovanni Maria Bononcini, Arcangelo Corelli, Giovanni Benedetto Platti e Giovanni Battista Cirri.

### ARTES ESCÉNICAS

## Suricata Teatro. *Begoña Caamaño: a tecedora de historias*

Domingo 17 de maio, ás 12:30 h

A actriz Rebeca Solla trae ao Museo un contacontos teatralizado dirixido ao público infantil e familiar coa intención de achegarnos á figura de Begoña Caamaño, homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, e ao seu universo literario.

## Avelaíña Teatro. *As máscaras de Ibáñez: o marqués de Sargadelos que nunca foi*

Venres 22 de maio, ás 19:00 h

Con motivo do Día Internacional dos Museos, que este ano ten por lema “Unindo un mundo dividido”, prográmase esta peza teatral que revisa a vida e os sucesos que conduciron á morte de Raimundo Ibáñez, fundador da cerámica de Sargadelos, interpretado por Xabier Fernández.

## SEMINARIOS E CONFERENCIAS

### XORNADAS

## Imaxes en Reserva. Os Arquivos Fotográficos nos Museos

Venres 27 de marzo, de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:30 h



Esta xornada nace no contexto da exposición *Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX*. Ten o obxectivo de propiciar un espazo de reflexión e diálogo arredor do papel fundamental que desempeñan os arquivos fotográficos nas institucións museísticas. Tradicionalmente situados nun segundo plano fronte ás coleccións expostas, estes arquivos constitúen un patrimonio documental e visual de enorme valor histórico, artístico e científico.

## **Tecendo Pinturas. As Artes de Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas**

Xoves 28 de maio, de 16:30 a 20:00 h

Venres 19 de xuño, de 18:00 a 20:00 h



Dúas xornadas para afondar na creación artística desta parella de creadores aos que o Museo Iles dedica unha exposición en maio e xuño. O xoves 28 intervirán Marga do Val, Graciela Baquero, Xosé Enrique Acuña e Cristina Villaverde Ruibal. O venres 19 de xuño participarán José Varela Alén e Beatriz Ruibal, que presentará a videocreación feita especificamente para a ocasión.

### CONFERENCIAS

## **Isabel Tejeda: “Das exposicións de mulleres artistas aos proxectos curatoriais feministas en España”**

Martes 14 de abril, ás 19:00 h

A conferencia céntrase na evolución da visibilización das mulleres artistas dentro do panorama artístico español. A súa intervención abarca desde os primeiros esforzos para darlle visibilidade ao traballo das mulleres no campo da arte ata a consolidación de proxectos curatoriais feministas que teñen como obxectivo desafiar as estruturas patriarcais e promover a equidade de xénero nas galerías e museos. Complétase cun obradoiro realizado o día seguinte na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

## **Javier Barón Thaidigsmann: “A personalidade artística de Fernando Álvarez de Sotomayor (1875-1960)”**

Xoves 21 de maio, ás 19:00 h



O xefe da colección de Pintura do Século XIX do Museo Nacional del Prado e comisario da exposición que lle dedicou a Sotomayor a Fundación Barrié, ofrece unha conferencia na que abordará esta figura central da arte española e galega de finais do XIX e da primeira metade do XX, do que o Museo de Pontevedra conserva e exhibe obras de gran relevancia coma *Festa galega*.

## VISITAS GUIADAS

### **Á exposición permanente**

Ata o 15 de xuño: sábados, domingos e festivos, ás 12:00 h

Desde o 16 de xuño: de martes a sábado, ás 12:00 h, e os mércores tamén ás 18:00 h

### **Ás ruínas de San Domingos**

A partir do 1 de xuño: de martes a venres, ás 12:00 h



### **Á exposición *Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX***

Os xoves, ás 18:00 h, e os domingos, ás 12:00 h

### **Á exposición *Arte en parella. Mercedes Ruibal-Agustín Pérez Bellas***

Os xoves, ás 18:00 h

### **Á exposición *San Sebastián, corpo de beleza e dor. Unha paixón privada***

Co comisariado, o xoves 26 de marzo, ás 18:00 h; visitas introdutorias, os sábados 21 e 28 de marzo e 4 de abril, ás 12:00 h



+34 986 804 100 / [educacion.museo@depo.gal](mailto:educacion.museo@depo.gal)



[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA